



ESTATUTOS



Orbazai





ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DE ORBAZAI

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL.

Artigo 1º.- DENOMINACIÓN DA ASOCIACIÓN.

Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación “ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DE ORBAZAI”.

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- DOMICILIO DA ASOCIACIÓN.

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de ORBAZAI (LUGO) “Casa Sociocultural”. Lg. A Torre, nº 1 Código postal 27.297.

Artigo 3º.- ÁMBITO TERRITORIAL.

A Asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Lugo.

Artigo 4º.- DURACIÓN E SOMETEMENTO A PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS.

1.- A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 5º.- CARÁCTER INDEPENDENTE DA ASOCIACIÓN.

A Asociación será independente, sen vinculación específica a ningún organismo, partido político ou entidade de calquera tipo, se ben poderá adherirse, federarse ou asociarse con outras entidades que persigan uns fins semellantes.

Neste caso procederá a nomearse un representante por procedementos democráticos, que terá necesariamente a condición de asociado. De non producirse tal nomeamento entenderase que asume a representación o Presidente da Asociación.

Artigo 6º.- FINS DA ASOCIACIÓN

1.- Son fins principais da asociación:

- Practica e propagación da música tradicional galega, danza e música coral.
- Fomentar, e encauzar a amizade e as iniciativas entre os amantes da música na provincia de Lugo.
- Coordinar as súas actividades e traballar pola difusión das mesmas.
- Lograr a formación musical dos seus integrantes.
- Organizar e participar en actividades culturais e festivas de calquera índole.
- Promover a relación e o intercambio social e cultural entre os asociados, así como a comunicación e colaboración con outras entidades de fins similares.
- Demandar das autoridades a cooperación para unha maior promoción da música e danza tradicional galega.
- Todos aqueles outros fins lícitos que vaian en beneficio da Asociación e dos seus membros

2. Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades

- a) Organización de foliadas, festas, encontros musicais, e calquera outra actividade relacionada coa música.
- b) Proxección das actividades dentro e fora da propia parroquia.
- c) Organización de charlas, conferencias, coloquios, cursos... relacionados coa música.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

- d) Cooperación con outras asociacións culturais, veciñais, musicais, comunidades de montes, etc da parroquia de Orbazai e doutras localidades en materia de difusión musical, así como con outro tipo de entidades (corporacións municipais, centros educativos, etc.)
- e) Desenrolar programas formativos no eido musical dirixidos ós membros da Asociación.
- f) Sinatura de acordos e protocolos con diferentes institucións e entidades públicas ou privadas, así como a concorrencia ás diferentes liñas de subvención e axudas para levar a cabo os fins da asociación.
- g) Edición e/ou publicación de gravacións musicais, obras, folletos, trípticos, bo letíns e calquera outro material divulgativo.
- h) Calquera outra actividade compatible cos fins mencionados no apartado anterior.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II: DOS ASOCIADOS.

Art. 7º.- REQUISITOS PARA SER ASOCIADO/A.

1.- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coas asociación e que mostren interese nos fins da asociación.

2.- Poderán ser integrantes da asociación na súa sección xuvenil, os menores non emancipados de máis de 14 anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir-la súa capacidade.

3.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 8º.- TIPOS DE ASOCIADO/A.

Dentro da asociación poden existi-las seguintes clases de asociados:

- a) **Fundadores:** aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) **Numerarios:** aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional, que vivan na parroquia de Orbazai ou teñan algún tipo de patrimonio ou relación familiar directa na parroquia.
- c) **Honorarios:** aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da Asociación.
- d) **Xuvenís:** aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integradas na sección xuvenil, no seu caso.
- e) **Simpatizantes:** aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional e non teñen unha relación directa coa parroquia de Orbazai, pero mostran o seu interese nos fins da Asociación.
- f) **Protectores:** son aqueles socios cuxa aportación á Asociación é de carácter exclusivamente económico.

Artigo 9º.- PERDA DA CONDICIÓN DE ASOCIADO/A.

1.- A condición de asociado pérdese:

- 1. Por vontade propia.
- 2. Por falta de pago de 2 cotas ou de 2 mensualidades do curso ou actividade na que se tivera inscrito.
- 3. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- 4.- Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados 2) e 3) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3.- A perda da condición de asociado, por calquera dos motivos aquí expostos, levará con sigo a perda de todos os dereitos sen excepción algunha, sen que o excluído poda exixir a devolución total ou parcial das cotas e derramas satisfeitas.



Artigo 10º.- DEREITOS DOS ASOCIADOS/AS.

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exerce-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
4. Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
5. Disfrutar dos servizos, vantaxes e organización da Asociación, dentro das condicións e límites que se establezan.
6. Expoñer suxerencias á Xunta Directiva.
7. Posuír un exemplar destes Estatutos, previa solicitude e pago do seu custe.
8. Cantos dereitos lles outorguen nos presentes Estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios, xuvenís e protectores non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela, non poderán exercer o dereito de voto nin impugnar acordos sociais. Os asociados e asociadas honorarios e protectores están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Os asociados fundadores e numerarios terán preferencia sobre os simpatizantes á hora de participar nas actividades e cursos organizados pola Asociación que teñan límite de prazas.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Artigo 11º.- OBRIGAS DOS ASOCIADOS/AS.

Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Paga-las cotas que se establezan.
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprí-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acata-lo contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conduta individual e cívica.
7. Participar activamente nas tarefas e actividades da Asociación.
8. Comunicar o cambio de residencia á Secretaría da Asociación.

Os asociados honorarios non terán a obriga de aboar cotas, derramas nin de efectuar ningunha outra aportación económica.

Artigo 12º.- COTAS.

Os socios pagarán unha cota de entrada e outra anual para pertencer á Asociación, que serán fixadas en Asemblea xeral. O socio que cause baixa, no momento en que volva a solicitar a súa alta deberá abonar a cantidade correspondente á totalidade de cotas que deixou de pagar durante o tempo que estivo de baixa.

A Asemblea xeral, a proposta da Xunta Directiva, poderá aprobar cotas extraordinarias.

As cotas, sexan de entrada, ordinarias ou extraordinarias, non serán reintegrables e destinaranse en todo caso a atende-las necesidades da Asociación.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN.

Artigo 13º.- DA ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O Presidente e o secretario da asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.



Art. 14º.- CLASES DE SESIÓN.

As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

- A Asemblea Xeral Ordinaria celebrarase necesariamente unha vez ó ano, dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio económico. Todas as demais reunións da Asemblea Xeral terán a condición de extraordinarias.
- As Asembleas Xerais Extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o soliciten por escrito un número de socios que representen, cando menos, un 10% dos asociados. A solicitude deberá efectuarse por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes e expoñendo os motivos da convocatoria e a orde do día.

Si a Asemblea Xeral ordinaria non fose convocada no prazo xeral previsto no parágrafo anterior, poderá convocarse a petición de calquera socio, previo requirimento á Xunta Directiva.

Art. 15º.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria as seguintes:

- Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
- Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- Exame e aprobación das cotas.
- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 16º.- COMPETENCIAS DE ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Serán competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria os seguintes asuntos:

- 1) Modifica-los Estatutos da Asociación.
- 2) Elixir e cesa-los integrantes da Xunta Directiva.
- 3) Aproba-la federación con outras asociacións.
- 4) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 5) Acorda-la disolución da asociación.
- 6) Designa-los/as liquidadores/as.
- 7) Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
- 8) Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.
- 9) As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

Calquera outro asunto poderá tratarse en Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria .

Artigo 17º.- CONVOCATORIA DE ASSEMBLEAS E QUORUM DE ASISTENCIA.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día, con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria deberán mediar ó menos quince días, podendo facer constar a data e hora á que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poidan transcorrer menos de 30 minutos.

A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

As Asembleas Xerais da Asociación, tanto as Ordinarias como as Extraordinarias, estarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou debidamente representados, a metade máis un dos socios con dereito a voto; e en segunda convocatoria, calquera que for o número de asociados concorrentes.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 18º.- VOTACIÓN DE ACORDOS

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos a disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación de bens, que requirirán maioría de dous terzos.

Nas votacións e en caso de empate, repetirase a votación entre os presentes por dúas veces se fose necesario. Se persiste o empate, o Presidente fará valer o seu voto de calidade para dirimir a cuestión.

Art. 19º.- DESENROLO DA ASEMBLEA E LEVANTAMENTO DE ACTAS.

A Asemblea será presidida polo Presidente da Xunta Directiva, quen dirixirá os debates e, no seu defecto, polo Vicepresidente ou por aquel membro da Xunta que este designe para iso. Actuará como Secretario o da Xunta Directiva e, no seu defecto, o Vocal que designen os demais compoñentes da Xunta.

De cada reunión da Asemblea xeral levantarase polo secretario a correspondente acta, na que deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día sometidos a votación, expresando o número de votos a favor ou en contra. Se algún asistentes quere facer constar na acta a súa oposición, incluírase o seu nome mailos dous apelidos.

A acta debe ser asinada polo Presidente e Secretario da Asemblea. As actas poderán ser aprobadas a continuación de celebrarse a correspondente sesión ou ao comezo da asemblea seguinte.

Art. 20º.- DELEGACIÓN DE ASISTENCIA E VOTO.

Cando un asociado non poida asistir a unha asemblea, pode autorizar expresamente a calquera persoa maior de idade para que o represente na mesma. Dita autorización deberá constar necesariamente por escrito en papel común e indicar con claridade os datos do asociado e do seu representante e a data da Asemblea para a que se autoriza tal representación.

Tamén se admitirán poderes xerais de representación en Asemblea, pero neste caso deben constar en escritura pública outorgada ante Notario.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 21º.- OBRIGATORIEDADE DOS ACORDOS ADOPTADOS.

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

Art. 22º.- ACORDOS CONTRARIOS ÓS ESTATUTOS OU FINS DA ASOCIACIÓN

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Art. 23º.- DA XUNTA DIRECTIVA.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros elixidos pola Asemblea xeral de Socios e formada por :

Presidente – Vicepresidente – Tesoureiro – Secretario – Vocais en número non inferior a un nin superior a cinco.

As persoas elixidas para estes cargos deberán estar en pleno uso dos seus dereitos civís e carecer de interese económico nos fins e nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

Art. 24º.- DURACIÓN E GRATUIDADE DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA.

Os membros da Xunta Directiva desempeñarán os seus cargos durante catro anos prorrogábeis.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán representativos, honoríficos e gratuítos.

Os membros da Xunta directiva terán dereito en todo caso ó reintegro dos gastos de viaxe e dietas pola asistencia a reunións que lles impliquen desprazamento da súa localidade así como ó de aqueles outros gastos que teñan a súa orixe no desempeño do cargo. Os gastos de combustible abonaranse ó prezo/km que sexa acordado en Asemblea xeral. Os demais gastos serán abonados previa presentación da pertinente factura.



Art. 25º.- ELECCIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.

A elección dos membros da Xunta Directiva verificarase por sufraxio universal, libre e segredo, entre aqueles que nese mesmo momento fosen propostos como candidatos. Quen máis votos obteña será nomeado para o respectivo cargo. Os vocais elixidos serán aqueles que máis votos obteñan.

A votación farase a candidaturas pechadas ou a individuos, segundo o sistema de candidatura elixido e previsto no artigo seguinte.

Art. 26º.- CANDIDATURAS.

A proposta de candidatos aos distintos cargos poderá realizarse dalgunha das seguintes maneiras:

- a) Proposta de candidaturas pechadas efectuadas por un número mínimo de socios equivalente a un dez por cento dos rexistrados en activo.
- b) Proposta de candidatura pola Xunta Directiva saínte.
- c) Proposta de candidatos para cargo directivo, realizada a viva voz polos socios presentes na Asemblea.

Prevalecerá o sistema previsto no punto a) desde o momento en que se presenten dúas ou máis candidaturas. No caso de existir unha soa candidatura e que non fose aceptada pola Asemblea, recorrerase ao previsto no punto c).

Art. 27º.- COBERTURA DE VACANTES NA XUNTA DIRECTIVA.

Se durante o período para o que foron nomeados se producen vacantes na Xunta Directiva, poderá esta designar entre os socios as persoas que vaian a ocupalas, debendo ser ratificada tal designación na seguinte Asemblea Xeral. Se non o ratifícase, a dita Asemblea Xeral elixirá ás persoas que tivesen que ocupar as vacantes ate a finalización do mencionado período.

Art. 28º.- CESE E RENUNCIA VOLUNTARIA DE CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA.

Os membros da Xunta Directiva poderán ser separados e cesados dos seus cargos en calquera momento pola Asemblea Xeral. Esa decisión deberá contar como mínimo coa maioría simple dos socios presentes ou representados na Asemblea. Tamén poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, e no caso de baixa da totalidade dos membros mediante a convocatoria de Asemblea Xeral na que presentarán a súa dimisión.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 29º.- ATRIBUCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixi-las actividades asociativas.
2. Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixa-la data da Asemblea xeral.
5. Propoñerlle á Asemblea xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
6. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Aprobar o plan de actividades da Asociación á Asemblea xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan..
11. Executar os acordos de todo tipo adoptados e encomendados pola Asemblea.
12. Convocar cursos e organizar actividades, determinando o número de prazas dispoñibles e establecendo as condicións de participación.
13. Decidir sobre a admisión de novos asociados/as.
14. Aquelas que non veñas atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Art. 30 º.- FUNCIONAMENTO DA XUNTA DIRECTIVA

O funcionamento da Xunta Directiva será o seguinte:

- a) A Xunta Directiva estará validamente constituída cando asistan á reunión polo menos a metade máis un dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.
- b) As reunións serán convocadas polo Presidente ou quen o substitúa en caso de ausencia ou imposibilidade, por iniciativa propia ou a petición da maioría simple dos seus membros.
- c) Os acordos levaranse nun libro de actas que serán asinadas por todos os asistentes.
- d) A Xunta Directiva deberá ser convocada polo Presidente con dous días de antelación como mínimo e con indicación do Orde do día, ou ben a instancias da terceira parte ou máis dos seus membros. Reunirase como mínimo unha vez ao ano e sempre que o considere necesario o Presidente ou a terceira parte dos membros, podendo facerse nun prazo inferior de convocatoria en caso necesario e urgente.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 31º. CREACIÓN DE COMISIÓNS.

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Art. 32º.- FUNCIÓNS DO PRESIDENTE.

Corresponde ao Presidente:

- a) Ostentar a representación legal da Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, levando a orde dos debates de xeito convinte e decidir con voto de calidade no caso de empate.
- c) Executar os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- f) Asinar en toda clase de documentos públicos ou privados e en xeral en tódolos escritos relacionados coa Asociación ou con esta e terceiros, podendo delegar expresamente en cada ocasión o uso da súa firma a un membro da Xunta Directiva para unha maior axilidade administrativa, sendo nulo calquera escrito ou documento suscrito con sinatura distinta ó establecido no presente apartado.
- g) Velar polo cumprimento dos presentes Estatutos e dos seus fins.

Art. 33º- FUNCIÓNS DO VICEPRESIDENTE.

O Vicepresidente exercerá as funcións que o Presidente lle legue, substituíndo en caso de dimisión, doenza, ausencia, falecemento ou cese. Asumirá tamén aquelas facultades que lle atribúa a Asemblea Xeral.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 34º.- FUNCIÓNS DO SECRETARIO.

Corresponde ó Secretario:

- 1º.- Redactar as actas das sesión que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- 2º.- Levar o libro de Rexistro de socios coas formalidades esixidas polas disposicións vixentes.
- 3º.- Subscribir as citacións para as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- 4º.- A garda, custodia e bo funcionamento do arquivo da Asociación.
- 5º.- Redactar unha memoria anual das actividades para presentar á Asemblea xeral ordinaria despois de ser sancionada pola Xunta Directiva.
- 6º.- Librar certificacións con referencia aos libros e documentos da Asociación a el confiados, co visto bo do Presidente.
- 7º.- Ter ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación.
- 8º.- En xeral, desempeñar as funcións propias do Secretario.

Art. 35º.- FUNCIÓNS DO TESOUREIRO

Corresponden ao Tesoureiro:

- 1.- A custodia dos fondos e demais valores sociais.
- 2.- A realización dos cobros e dos pagos, previo visto bo do Presidente.
- 3.- Desenvolver a contabilidade formalizando os balances para a súa posterior aprobación, se procede, pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.
- 4.- Formalizar os presupostos de ingresos e gastos anuais, que someterá á Xunta Directiva para o seu trámite posterior á Asemblea Xeral.
- 5.- Informar á Xunta Directiva e a Asemblea Xeral da marcha económica e financeira da Asociación.
- 6.- En xeral, actuar nos cometidos propios do seu cargo para a ordenación económica e financeira da Asociación.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 36º.- FUNCIONS DOS VOCAIS

Os vocais terás as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO.

Art. 37º.- PATRIMONIO DA ASOCIACIÓN

A asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 1.700,00 euros.

Art. 38º.- PECHE DO EXERCICIO E ORZAMENTO ANUAL.

O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural. Neste momento a Xunta Directiva da Asociación formulará o correspondente presuposto anual de gastos e ingresos, que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral na forma prevista nestes Estatutos.

Art. 39º.- RECURSOS ECONÓMICOS

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoñan a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns, aportacións ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. As herdanzas ou legados que poidan recibir de forma legal por parte dos/das asociados/as ou de terceiras persoas.
6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Este patrimonio pertencerá exclusivamente á Asociación, como persoa xurídica distinta dos seus membros.



ESTATUTOS ASOCIACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE ORBAZAI”

Versión vixente a partires de febreiro de 2017.

Art. 40º.- CONTAS ANUAIS

Anualmente, con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Art. 41º. DISPOSICIÓN DE FONDOS DAS CONTAS DA ASOCIACIÓN

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoreiro.

Art. 42º.- PROHIBIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE BENEFICIOS

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os seus asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V: OBRIGACIÓNS DOCUMENTAIS E CONTABLES.

Art. 43º.- OBRIGACIÓNS DOCUMENTAIS E CONTABLES.

A asociación disporá dunha relación actualizada de socios, levará unha contabilidade que permita obter unha imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da Entidade, así como as actividades realizadas, efectuar un inventario dos seus bens e recoller nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación. Deberá levar a súa contabilidade conforme ás normas específicas que lles resulten de aplicación.

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.



CAPÍTULO VI: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.

Art. 44º.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos e non poderá ir en ningún caso en contra do estipulado neles.

En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DISCIPLINARIO.

Art. 45º.- RÉXIME DISCIPLINARIO.

1.- O socio que incumprira as súas obrigacións para coa Asociación ou que a súa conduta menoscabe os fins ou prestixio da Asociación será obxecto do correspondente expediente disciplinario, do que se lle dará audiencia, incoado pola Xunta Directiva que resolverá o que proceda.

2.- Si a Xunta Directiva considerara conveniente proceder á súa expulsión, proporllo á Asemblea xeral para a súa aprobación.

3.- As sancións poden comprender dende a suspensión temporal dos seus dereitos ate a expulsión definitiva.

4.- Con independencia do previsto como causas de baixa, será obxecto de sanción:

a) A inexactitude ou deficiencia maliciosa nas informacións ou documentos que formulen os socios.

b) Prexudicar os intereses da Asociación e o normal desenrolo das súas funcións, de acordo co previsto nos presentes Estatutos.

c) A demora no pago das obrigas, sempre que esta demora non sexa causa de baixa na Asociación.

5.- A determinación das faltas e da súa gravidade, as sancións e procedementos a seguir atribúense á Xunta Directiva, mentres non sexan desenroladas nun regulamento de réxime interno. As decisións da Xunta Directiva nesta materia poderán ser recorridas ante a Asemblea Xeral que resolverá con carácter definitivo.



CAPÍTULO VIII: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

Art. 46º.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

A modificación dos Estatutos deberá aprobarse en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada por este único motivo, adoptándose o acordo por maioría dos dous terzos dos socios presentes ou debidamente representados.

As modificacións que se realicen comunicaranse ó Rexistro de Asociacións correspondente no prazo de un mes.

Art. 47º.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1º.- Por acordo das dúas terceiras partes dos asistentes á Asemblea Xeral.

2º.- Por disposición da autoridade competente que non día lugar á ulterior recurso.

3º.- Polas causas establecidas no artigo 39 do Código civil; por calquera outra prevista polas demais disposicións legais e nos Estatutos.

4º.- Por sentenza xudicial firme.

Art. 48º.- NOMEAMENTO DE LIQUIDADORES.

De non acordarse outra cousa pola Asemblea Xeral, actuarán de liquidadores os membros da Xunta Directiva. A súa función será efectuar a liquidación dos bens, pagando as débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Art. 49º.- DESTINO DOS BENS DA ASOCIACIÓN.

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia que teña iguais ou similares fins que os desta Asociación.

O xustificante de doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DILIXENCIA: Os presentes Estatutos foron redactados segundo as modificacións acordadas en Asemblea xeral extraordinaria celebrada o pasado día 19 de febreiro de 2017.





